

xustificadas. O custo da subcontratación poderá incluír os conceptos que a seguir se indican:

-Persoal propio. O seu custo non poderá superar o 25% do custo total da subcontratación.

-Persoal adicional técnico-científico que contrate a entidade para a realización do proxecto. A contratación deberá realizarse durante o período de vixencia do proxecto e polo importe concedido para este concepto. O incumprimento das condicións indicadas suporá a minoración da subvención concedida.

-Material inventariable.

-Material funxible.

-Servizos tecnolóxicos externos.

-Viaxes relacionadas coa coordinación do proxecto.

Deberá achegarse a seguinte documentación:

-Copia compulsada do contrato en que se establece a citada colaboración, asinado polos representantes legais das partes contratantes, se non o presentou xunto coa solicitude.

-Copia compulsada do contrato de traballo, no caso de persoal adicional contratado, con destino específico ao proxecto.

-Copia compulsada das facturas emitidas pola entidade colaboradora en que figure o título do proxecto financiado e a desagregación por conceptos, acompañadas dos seus correspondentes xustificantes de pagamento.

Artigo 2º

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, manténdose a validez das presentadas, con anterioridade a esta modificación, ao abeiro da Orde do 6 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (códigos de procedemento IN841A, IN841B, IN841C, IN841D e IN841E) modificada pola Orde do 12 de xullo de 2010.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2010.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Orde do 18 de xuño de 2010 que regula a concesión de axudas por danos provocados nos establecementos turísticos, pola que se desenvolve o Decreto 96/2010, do 17 de xuño, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polas inundacións acaecidas os días 9 e 10 de xuño de 2010 na Mariña luguesa e nos concellos limítrofes.

No *Diario Oficial de Galicia* nº 115, do 18 de xuño de 2010 publicouse o Decreto 96/2010, do 17 de xuño, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polas inundacións acaecidas os días 9 e 10 de xuño de 2010 na Mariña luguesa e nos concellos limítrofes.

No citado decreto establécese que serán obxecto de axuda os danos provocados nos establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís incluídos no ámbito competencial da Consellería de Cultura e Turismo que sexan consecuencia dos danos ocasionados polas inundacións nas súas edificacións, instalacións, maquinaria e nas mercadorías neles depositadas, así como nos vehículos comerciais e industriais afectos a estas actividades.

Por outra banda, o decreto prevé a súa aplicación no ámbito territorial da Mariña luguesa así como nos concellos limítrofes.

En consecuencia, e dadas as citadas previsións, é necesario proceder a fixar a contía e o procedemento de concesión de axudas, o que, en concordancia co artigo 3.2º do devandito decreto, se realizará en réxime de concesión directa por causa do interese público, social, económico e humanitario derivado das excepcionais circunstancias que concorren neste caso.

Así, o procedemento que se articula nesta orde dá unha resposta inmediata á situación xerada polo temporal no ámbito do sector turístico, establecendo medidas urxentes para paliar as repercusións máis inmediatas producidas nos establecementos turísticos no ámbito territorial da Mariña luguesa e os concellos limítrofes. En definitiva, trátase de atender as necesidades dos colectivos afectados para contribuír, de forma decidida e con todas as garantías procedementais, a rexenerar e a reactivar a actividade turística nas zonas afectadas polas inundacións dos pasados días 9 e 10 de xuño.

Baseándose no anterior, conforme o disposto na disposición derradeira primeira do Decreto 96/2010, do 17 de xuño, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polas inundacións acaecidas os días 9 e 10 de xuño de 2010 na Mariña luguesa e nos concellos limítrofes, e en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto convocar axudas para reparar os danos que como consecuencia das inundacións

acaecidas os días 9 e 10 de xuño de 2010 na Mariña luguesa e nos concellos limítrofes ocasionáronse en establecementos turísticos incluídos no ámbito competencial da Consellería de Cultura e Turismo.

Artigo 2º.-Natureza das axudas.

1. A concesión destas axudas terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, do que poidan ser beneficiarios os afectados.

2. Non obstante, cando os citados sistemas non cubran a totalidade dos danos producidos, as axudas previstas nesta orde terán carácter complementario e serán compatibles en concorrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de sistemas públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ata o límite do valor do dano producido.

3. Estas axudas teñen carácter compensatorio e indemnizatorio polo que, de acordo co previsto no artigo 48.1º da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010, os beneficiarios están exentos de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma ou ser debedor/a por resolución de procedencia de reintegro.

4. O pagamento das axudas estará, en todo caso, condicionado a que os órganos competentes da Unión Europea adopten unha decisión de non formular obxeccións ou declaren a subvención compatible co mercado común e nos termos en que a devandita declaración se realice, aspecto este que deberá constar no acto administrativo de concesión.

Artigo 3º.-Procedemento de concesión.

As presentes axudas outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva, conforme o disposto no artigo 3.1º do Decreto 96/2010, e de acordo co previsto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-Réxime xurídico aplicable.

Para a concesión das axudas reguladas nesta orde observarase o disposto nas seguintes normas:

a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

c) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento, ambos os dous nos seus preceptos básicos.

d) Normativa comunitaria de aplicación ás axudas.

Artigo 5º.-Beneficiarios e finalidade das axudas.

1. Poden ser beneficiarios destas axudas os titulares dos establecementos turísticos incluídos no ámbito competencial desta consellería e no Decreto 96/2010, do 17 de xuño, nos que se producen

danos. Os termos municipais afectados que se recollen no anexo deste decreto son os seguintes:

Provincia de Lugo:

Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Oural, A Pontenova, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo e Xove.

Provincia da Coruña:

Cariño e Ortigueira.

Para estes efectos consideraranse os danos causados nas súas edificacións, instalacións, maquinaria, e nas mercadorías neles depositadas, así como nos vehículos comerciais ou industriais afectos a estas actividades.

2. En todo caso debe quedar suficientemente acreditada a relación de causalidade entre os danos producidos e as inundacións dos días 8 e 9 de xuño.

3. Será requisito imprescindible, para a concesión destas axudas que a empresa solicitante teña inscrita no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia a actividade turística para a que se solicita a axuda, ou ben que a partir da entrada en vigor o 23 de febreiro de 2010 da modificación operada no artigo 28.4º da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, presentase a declaración responsable de inicio da actividade e o compromiso a que se refire o sinalado artigo.

Artigo 6º.-Crédito destinado ás axudas.

Destinarase unha contía de 200.000 euros, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, que no caso de producirse, sería obxecto de publicación no DOG e non supoñería a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

O financiamento das axudas imputarase ao crédito previsto na aplicación orzamentaria 11.02.761A.770.1, por importe de 200.000 euros.

Artigo 7º.-Solicitudes. Forma, lugar e prazo de presentación.

1. As solicitudes presentarase mediante os modelos normalizados que se inclúen como anexo I desta orde. As solicitudes deberán acompañarse dos documentos que se determinan no número 4 deste artigo.

2. As solicitudes presentarase na oficina de Rexistro Único e Información da Xunta de Galicia ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

4. Xunto cos formularios normalizados de solicitude, os solicitantes deberán presentar un exemplar, en orixinal ou copia compulsada, da seguinte documentación:

a) CIF, no caso de persoas xurídicas. Nos supostos de representación, documentos acreditativos desta.

b) Escrituras de constitución e modificación e estatutos, no caso de persoas xurídicas.

c) Certificación expedida pola Axencia Tributaria, na cal se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas en que figura dado de alta o solicitante.

d) Memoria descritiva dos danos causados e do correspondente investimento para a súa reparación, con detalle do orzamento ou facturas pro forma analizadas por partidas e do calendario de execución, acompañada polo proxecto técnico no caso de ser exixido polo concello para o tipo de obra ou investimento que se vaia realizar. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos efectuadas polo solicitante.

e) Documentos gráficos en calquera soporte que dean fe do dano.

f) Acreditación da titularidade dos bens afectados e, se é o caso, acreditación da titularidade do vehículo e da súa afectación á actividade que desenvolve.

g) Declaración xurada de que os danos son consecuencia do temporal acaecido, de conformidade co ámbito de aplicación establecido no Decreto 96/2010, do 17 de xuño.

h) Calquera outra documentación que contribúa a probar a contía dos danos, a condición de afectado e a vinculación dos bens danados á actividade desenvolvida.

i) Póliza de seguros e /ou declaración xurada de que os bens danados para os cales solicita as axudas non están asegurados, están asegurados na súa totalidade ou están asegurados parcialmente.

j) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución.

k) Certificación bancaria para o aboamento da axuda.

l) Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións.

Artigo 8º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa figura en poder da Administración, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instructor para acceder a ela. Para estes efectos, a documentación débese manter vixente e identificarse no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o que foi presentada.

En calquera caso, nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano instructor poderá requirirille ao solicitante a presentación da documentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na devandita páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

4. A Consellería de Cultura e Turismo velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento; para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros; non obstante, a Consellería de Cultura e Turismo revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e se requira de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e presentando identificación abondo o seguinte enderezo: edificios administrativos San Caetano, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela; ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que se poderá encontrar na Guía do Cidadán da páxina web da Xunta.

Artigo 9º.-*Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo poderá obterse documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral para o Turismo, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería:

(<http://culturaeturismo.xunta.es/>) na súa epígrafe de axudas.

b) Os teléfonos 981 54 63 60 ou 981 54 63 78 da devandita secretaría xeral.

c) A dirección electrónica axudas.turismo@xunta.es

d) Presencialmente.

Artigo 10º.-*Contía das axudas.*

A Consellería de Cultura e Turismo poderá conceder unha subvención por importe de ata o custo da reparación ou reposición dos danos ocasionados nas edificacións, instalacións, maquinaria e nas mercadorías neles depositadas, así como nos vehículos comerciais ou industriais afectos á actividade turística, en función das disponibilidades orzamentarias e do número de solicitudes, tendo en conta, en todo caso, o disposto no artigo 2º desta orde.

A Consellería de Cultura e Turismo levará a cabo as actuacións de comprobación que considere necesarias para garantir unha óptima fixación da contía dos danos e a correcta aplicación das axudas, podendo a este respecto solicitar a remisión da documentación necesaria para verificar a veracidade da información dos solicitantes.

Artigo 11º.-*Órganos competentes.*

1. As solicitudes de axuda dirixiranse ao conselleiro de Cultura e Turismo, correspondendo a súa tramitación e instrución á Secretaría Xeral para o Turismo.

2. O órgano competente para a resolución das solicitudes será o conselleiro de Cultura e Turismo.

Artigo 12º.-*Instrución.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nas bases reguladoras ou na convocatoria, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou remita os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, terase por desistida na súa petición, tras a correspondente resolución.

2. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, poderase requirir a persoa solicitante para que remita cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na normativa de aplicación ou que non conteñan a documentación necesaria quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na que se indicarán as causas desta.

Artigo 13º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poñerase de manifesto os interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular as alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Non obstante, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no

procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 14º.-*Resolución.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia e examinadas, se é o caso, as alegacións, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva, que se elevará ao conselleiro.

2. O conselleiro, á vista da proposta, ditará no prazo de 15 días desde a elevación da proposta a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, polo menos, o solicitante ou a relación de solicitantes a que se lles concede a subvención, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, se é o caso, a desestimación do resto das solicitudes e causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario ou investimento total.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de cinco meses, contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Cultura e Turismo. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* poderán remitirse aos beneficiarios para que consulten información detallada da resolución nun taboleiro da citada web.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación. Non obstante, poderase substituír esta notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia*, coa indicación de que os non beneficiarios consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Artigo 15º.-*Xustificación.*

O receptor da axuda queda obrigado a investir a axuda na reparación ou reposición dos danos segundo a memoria e o proxecto básico presentados, de maneira que se manteña a situación existente antes de producirse o temporal.

Polo tanto, para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar, con data límite do 31

de outubro de 2010, a seguinte documentación xustificativa:

-Facturas xustificativas de materialización da reparación ou reposición dos danos, indicando nelas concepto, importe sen IVE e importe total, así como documentos xustificativos do pagamento dos gastos realizados.

-Calquera outro documento que xustifique o emprego da axuda na reparación ou reposición dos danos

Artigo 16º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados ao abeiro desta orde esgotarán a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o silencio, segundo sexa o caso.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o silencio.

Todo iso sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro que consideren procedente.

Artigo 17º.-*Pagamento.*

Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

Artigo 18º.-*Modificación da resolución de concesión.*

Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da axuda poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 19º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nesta orde ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución á que fai referencia o número anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 20º.-*Control.*

1. A Consellería de Cultura e Turismo poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 21º.-*Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario ou programa e crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Igualmente, farano na correspondente páxina web oficial nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a tres mil euros (3.000 euros), non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Cultura e Turismo.

Artigo 22º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nesta orde aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e no resto de normativa que resulte de aplicación.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.

Facúltase a secretaria xeral para o Turismo para que dite as resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2010.

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA DANOS PROVOCADOS NOS ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS POLAS INUNDACIÓNS QUE SE PRODUCIRON OS DÍAS 9 E 10 DE XUÑO DE 2010 NA MARIÑA LUGUESA E NOS CONCELLOS LÍMITROFES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CT983L	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL		NOME		NIF / CIF	
ENDEREZO			PROVINCIA		CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE LEGAL					NIF
ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS			TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

LOCALIZACIÓN E DESCRICIÓN DO ESTABLECEMENTO

NOME COMERCIAL	CONCELLO
ENDEREZO	

DATOS DA SOLICITUDE DE AXUDA

BREVE DESCRICIÓN DO INVESTIMENTO	
IMPORTE TOTAL DANOS	AXUDA SOLICITADA

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Copia cotexada do NIF.
- Escritura de constitución e modificación e estatuto.
- Certificación expedida pola Axencia Tributaria, na cal se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas en que figura dado de alta o solicitante.
- Memoria descriptiva dos danos causados, orzamento ou facturas pro forma desagregadas por partidas, calendario de execución, e se é o caso, proxecto técnico.
- Documentos gráficos en calquera soporte que dean fe do dano.
- Acreditación da titularidade dos bens afectados e, se é o caso, acreditación da titularidade do vehículo e da súa afectación á actividade que desenvolve.
- Declaración xurada de que os danos son consecuencia do temporal acaecido de conformidade co ámbito de aplicación establecido no Decreto 96/2010, do 17 de xuño.
- Documentación que contribúa a probar a contía dos danos, a condición de afectado e a vinculación dos bens danados á actividade desenvolvida.
- Póliza de seguros e/ou declaración xurada de que os bens danados para os cales solicita as axudas non están asegurados, están asegurados na súa totalidade ou están asegurados parcialmente.
- Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución.
- Certificación bancaria para o aboamento da axuda.
- Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:** presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura e Turismo para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xuño, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 18 de xuño de 2010 que regula a concesión de axudas por danos provocados nos establecementos turísticos, pola que se desenvolve o Decreto 96/2010, do 17 de xuño, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polas inundacións acaecidas os días 9 e 10 de xuño de 2010 na Mariña luguesa e nos concellos limítrofes.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ REVISADO E CONFORME _____	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL <i>Lugar e data</i>		DATA DE ENTRADA ____/____/____
_____ de _____ de 20		DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SAÍDA ____/____/____

ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA

Don/Dona , con NIF nº ,
actuando en nome e representación da entidade

DECLARA (sinálese cun X o que proceda):

Que os danos para os que se solicita a axuda son consecuencia do temporal acontecido os días 9 e 10 de xuño, de acordo co establecido no Decreto 96/2010, do 17 de xuño.

Que os bens danados para os que se solicita a axuda:

Non están asegurados.

Están asegurados na súa totalidade.

Están asegurados parcialmente.

Que non solicitou outras axudas para o proxecto obxecto de solicitude.

Que solicitou axudas e subvencións dos organismos que se mencionan a continuación para o proxecto da solicitude.

CONVOCATORIA (1)	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE (2)	S/C/P (3)	DATA	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) Indicar a orde de convocatoria da axuda ou subvención para a que se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.
(2) De non coñecerse o código de expediente, indicárase o programa ou liña de axuda do organismo.
(3) Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada) C (concedida) P (pagada).

Así mesmo, comprométese a comunicarlle á Consellería de Cultura e Turismo calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se conduza con posterioridade a esta declaración e, en todo caso, antes do cobramento da axuda correspondente a esta solicitude.

Igualmente, declárase que o solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E, para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso en

Lugar e data

, de de 20

Asdo.:

Secretaría Xeral para o Turismo
Consellería de Cultura e Turismo

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2010.

O marco xeral de subvencións destinadas ás centrais sindicais que no campo laboral convoca anualmente esta Administración autonómica está regulado no Decreto 106/1994, do 21 de abril, que no seu artigo 4 establece as seguintes: as destinadas ás centrais sindicais con representación na comunidade autónoma, para o desenvolvemento das súas actividades. Desde o ano 1991 véñse apoiando mediante subvencións a creación ou mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social, co fin de cooperar de forma efectiva co fomento, creación e funcionamento das diversas modalidades de economía social, en virtude do acordado na mesa de concertación social; e desde o ano 1993, como consecuencia dos acordos Xunta de Galicia-sindicatos, aprobados pola mesa xeral o 23 de outubro de 1992, estableceuse unha liña de axuda destinada aos sindicatos máis

representativos coa finalidade de subvencionarlles plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais e gabinetes sindicais de formación.

Conforme o anterior anúncianse nesta orde os seguintes tipos de axudas:

Programa I. Axuda para o desenvolvemento das actividades das centrais sindicais durante o ano 2010.

Programa II. Axuda ás centrais sindicais para a creación ou mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social.

Programa III. Axuda para gabinetes técnicos de formación e para plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais.

O importe global das referidas axudas destinadas aos tres programas mencionados ascende a un total de dous millóns cento vinte e cinco mil euros (2.125.000 €) que figura na Lei 9/2009, do 23 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

Concluído o proceso de eleccións sindicais previsto na disposición transitoria oitava do actual texto refun-